


EXPTE: Nº 19/2016: "DES RATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN EN EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO"
ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación do servizo de **"DES RATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN EN EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO"**.

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 26 de setembro de 2016 (entrada nº 10.059), requirida ao licitador que obtivo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 8 de setembro de 2016, e emitido polo enxeñeiro técnico municipal, Don José María Troncoso Viñas o 14 de setembro de 2016, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 16 de setembro de 2015, esta alcaldía **RESOLVE:**



1º) Adxudicar o contrato do servizo de "DES RATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN EN EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO" á empresa "PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U", conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que efectuará o servizo polo **prezo** de TRES MIL CENTO CINCO EUROS (3.105,00 €) SEN IVE, O IVE ASCENDE A SEISCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (652,05 €), **resultando ser o prezo total con IVE de TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (3.757,05 €)**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

En esta licitación foron cinco empresas as que presentaron proposición para obter á contratación, sendo admitidas todas as presentadas, e que se citan a continuación:

Plica núm.UN: Presentada por Don Víctor Sierra Porto, en representación da empresa EZSA SANIDAD AMBIENTAL SL, de Vigo. De conformidade co informe técnico de data 14 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 8 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 15,30 puntos polo criterio do prezo, e

48,22 puntos pola memoria da prestación do servizo, obtendo unha **puntuación total de 63,52 puntos.**

Plica núm. DOUS: Presentada por Don Santiago Mariño Couto, en representación da mercantil SANXENXO DE SERVICIOS SL "SERGA". De conformidade co informe técnico de data 14 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 8 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 36,01 puntos polo criterio do prezo, e 50,00 puntos pola memoria da prestación do servizo, obtendo unha **puntuación total de 86,01 puntos.**

Plica núm. TRES: Presentada por Don Jesús Sánchez González, en representación da persoa xurídica GALIDES SL, de Mos. De conformidade co informe técnico de data 14 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 8 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 5,10 puntos polo criterio do prezo, e 25,00 puntos pola memoria da prestación do servizo, obtendo unha **puntuación total de 30,10 puntos.**

Plica núm. CATRO: Presentada por Don Miguel Ángel Lorenzo Alonso, en representación da mercantil OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS SL (OTRAPLASA), de Mos. De conformidade co informe técnico de data 14 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 8 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 46,58 puntos polo criterio do prezo, e 25,00 puntos pola memoria da prestación do servizo, obtendo unha **puntuación total de 71,58 puntos.**

Plica núm. CINCO: Presentada por Don Joaquín Santamaría Fernández, en representación da empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS SLU de Vilagarcía de Arousa. De conformidade co informe técnico de data 14 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 8 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 43,25 puntos polo criterio do prezo, e 46,77 puntos pola memoria da prestación do servizo, obtendo unha **puntuación total de 90,02 puntos.**

3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 17002 / 22706 por un importe de 3.757,05 € Euros (IVE engadido).

4º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a trinta de setembro de dous mil dezaseis.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario xeral

Ángel Luis López Pita